




NO TEMPO DE
Follas novas

UNHA VIAXE POLA
LITERATURA UNIVERSAL

M. Pilar García Negro, ed.

alvarellos
EDITORIA



Rosalía Castro

© ALVARELLOS EDITORA, 2015
Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

© textos: os seus autores

Imaxes da capa: **Frances Harper**, **Oscar Wilde** (foto de Napoléon Sarony, 1882), **Rosalía de Castro** (foto de María Cardarely, década de 1860. Fondo Familia Murguía de Castro. Real Academia Galega), **Leopoldo Alas 'Clarín'** e **Harriet Beecher Stowe** (ca. 1852).

Deseño e maquetación: Alvarellos Editora
Impreso en Tórculo

Depósito Legal C 535-2015
ISBN 978-84-89323-97-1

Todos os dereitos reservados. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

N O T E M P O D E Follas novas

UNHA VIAXE POLA
LITERATURA UNIVERSAL

María Pilar García Negro, ed.

alvarellos
EDITORIA



Capa da primeira edición de *Follas novas* (1880).
Fotografada directamente dun dos exemplares orixinais.
(Biblioteca persoal de Aurora López e Andrés Pociña).

Índice

PRESENTACIÓN	7
Escolma e comentario dos textos escollidos de <i>Follas novas</i> (1880). Por María Pilar García Negro	17
“As literatas” (1854). CAMILO CASTELO BRANCO Por Marica Campo	81
“Bury Me in a Free Land” (1864) “Enterrádeme nunha terra libre”. FRANCES HARPER Por Teresa Barro	89
D'A tiranía rosa e branca. <i>Unha novela de sociedade</i> (1871). HARRIET BEECHER STOWE Por Kathleen N. March	95
“A última clase”, de <i>Contes de lundí</i> [Contos do luns] (1873). ALPHONSE DAUDET Por Xosé Luís Axeitos	101
“I Grant You Ample Leave” (1874) “Concédoche ampla licenza” e de <i>Daniel Deronda</i> . GEORGE ELIOT Por M^a Jesús Lorenzo Modia	109
De <i>Casa de bonecas</i> (1879-1880). HENRIK IBSEN Por Elvira Sanz Gómez	117
<i>Bóla de Sebo</i> (1880). GUY DE MAUPASSANT Por Eduardo Álvarez	123
D'O crime do padre Amaro (1880). EÇA DE QUEIRÓS Por Carme Fernández Pérez-Sanjulián	187
De <i>La Regenta</i> (1885). LEOPOLDO ALAS, <i>CLARÍN</i> Por María Pilar García Negro	195

D'Un matrimonio provinciano (1885). MARCHESA COLOMBI (MARIA ANTONIETTA TORRIANI) Por Celia María Armas García	203
"Veillées" "Vixilias" (1886). ARTHUR RIMBAUD Por Anxo Angueira	211
[Fragmentos]. EMILIA PARDO BAZÁN Por María Pilar García Negro	215
"L'Emigrant" (1888) "O emigrante". JACINT VERDAGUER Por Marica Campo	229
D'A Sonata a Kreutzer (1891). LIEV TOLSTOI Por Xoán Ignacio Taibo	237
De Versos sencillos (1891). JOSÉ MARTÍ Por Andrés Pociña e Aurora López	243
D'A familia Medeiros (1891). JÚLIA LOPES DE ALMEIDA Por Carlos Callón	249
"I felt a Funeral, in my Brain" "Sentín un Funeral, no meu Cerebro" (1896 [1862]). EMILY DICKINSON Por Pilar Pallarés	255
[Sleeping at last] [Durmindo por fin] (1896). CHRISTINA ROSSETTI Por Luís Cochón	259
De De Profundis (1897) e d'A balada do cárcere de Reading. OSCAR WILDE Por Francisco Rodríguez	265
Epílogo MANUEL CURROS ENRÍQUEZ Por Carlos Negro	275

Presentación

A miga leitora, amigo leitor, a orixe deste libro foi totalmente casual. Eu lera, na súa lingua orixinal, *Boule de suif*, de Guy de Maupassant, hai moitos anos. No verán de 2014, por mor dunha viaxe, arrecadei varios libros para me acompañaren nela, coa única condición, ben prosaica e práctica, do menor volume posíbel, para evitar máis peso do desexado. Foi aí onde levei comigo unha edición desta *nouvelle*, xunto con varios contos máis do autor francés, nunha edición en español, de alxibeira ou de peto. Ao que a relín, comprobei a data de publicación, 1880, e unha aguda crítica da burguesía, do cinismo, hipocrisía e egoísmo dunha clase social que o escritor debuxa de xeito maxistral. Ambas, data e crítica, lévannos da man á publicación de *Follas novas*, de Rosalía de Castro e, por suposto, a moitos textos da escritora, en verso e en prosa, onde se desvendan os modos e as modas desa clase social emerxente no XIX sobre a que ela vai proxectar a súa intelixente ollada, chea de denuncia, de ironía e de humor.

Esta coincidencia cronolóxica cadrou co noso desexo de celebrar dalgunha maneira, neste ano